

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0227	Servizos en rede	2023/2024	9	157	188

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ PINO VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A práctica totalidade das empresas da área de influencia do IES A Pinguela no ámbito produtivo de informática e comunicacións, son pemes do sector de servizos adicadas á comercialización, á montaxe e á reparación de equipamentos, redes e servizos microinformáticos en xeral; ademais de unhas poucas empresas doutros sectores que utilizan sistemas informáticos.

O currículo do módulo adecúase ó ámbito produtivo tal e como ven desenvolvido na normativa.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Instalación e configuración de servizos de configuración dinámica de sistemas	Montaxe de sistemas automatizados de configuración, como DHCP, para acceso a redes.	25	15
2	Instalación e configuración de servizos de acceso remoto e administración remota	Conexión remota a servidores para explotación e xestión	24	10
3	Instalación e configuración de servizos de resolución de nomes	Posta en marcha de servizos de resolución de nomes en rede.	23	15
4	Instalación e configuración de servizos de transferencia de ficheiros	Montaxe de servizos de copia de ficheiros en rede	22	15
5	Instalación e configuración de servidores web	Montaxe e configuración do servizo web	38	15
6	Instalación e configuración de servizos de correo electrónico	Montaxe de clientes e servidores de correo electrónico	18	15
7	Despregamento de redes sen fíos	Montaxe e configuración de redes sen fíos	16	8
8	Interconexión de redes	Interconectar redes, comprobando e asegurando o tráfico transmitido.	22	7

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Instalación e configuración de servizos de configuración dinámica de sistemas	25

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interconecta sistemas en rede instalando mecanismos automatizados de configuración.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñeceuse o funcionamento dos mecanismos automatizados de configuración dos parámetros de rede e identificáronse as vantaxes que proporcionan.
CA1.2 Ilustráronse os procedementos e as pautas que interveñen nunha solicitude de configuración dos parámetros de rede.
CA1.3 Instalouse un servizo de configuración dinámica dos parámetros de rede.
CA1.4 Preparouse o servizo para lles asignar a configuración básica aos sistemas dunha rede local.
CA1.4.1 Preparouse o servizo para lles asignar a configuración básica aos sistemas dunha rede local sobre un entorno Windows.
CA1.4.2 Preparouse o servizo para lles asignar a configuración básica aos sistemas dunha rede local sobre un entorno GNU/Linux
CA1.5 Realizáronse asignacións dinámicas e estáticas.
CA1.6 Integráronse no servizo opcións adicionais de configuración.
CA1.7 Verificouse a correcta asignación dos parámetros.

4.1.e) Contidos

Contidos
Enderezo IP, máscara de rede e porta de ligazón.
Dispositivos de rede. Encamiñadores e segmentos de rede. Difusións.
DHCP: rangos, exclusións, concesións e reservas.
Opcións adicionais do protocolo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Instalación e configuración de servizos de acceso remoto e administración remota	24

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Instala, configura e xestiona métodos de acceso remoto, e comproba o seu funcionamento en modo texto e en modo gráfico.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Descríbíronse métodos de acceso e de administración remota de sistemas.
CA6.2 Instalouse un servizo de acceso remoto en liña de comandos e en modo gráfico.
CA6.3 Comprobouse o funcionamento de ambos os métodos.
CA6.4 Identificáronse as principais vantaxes e deficiencias de cada un.
CA6.5 Realizáronse probas de acceso remoto e de administración remota entre sistemas de distinta natureza.

4.2.e) Contidos

Contidos
Terminais en modo texto e en modo gráfico.
Protocolos de acceso.
Protocolos de administración remota.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Instalación e configuración de servizos de resolución de nomes	23

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Instala servizos de resolución de nomes, que configura con base nunhas especificacións establecidas.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse e describíronse escenarios en que xurda a necesidade dun servizo de resolución de nomes.
CA2.2 Clasifícanse os principais mecanismos de resolución de nomes.
CA2.3 Describiuse a estrutura, a nomenclatura e a funcionalidade dos sistemas de nomes xerárquicos.
CA2.4 Instalouse un servizo xerárquico de resolución de nomes en sistemas operativos libres e propietarios.
CA2.5 Preparouse o servizo para almacenar as respostas procedentes de servidores de redes públicas e llas servir aos equipamentos da rede local.
CA2.6 Engadíronse rexistros de nomes correspondentes a unha zona nova, con opcións relativas a servidores de correo e alias.
CA2.7 Traballouse en grupo para realizar transferencias de zona entre dous ou máis servidores.
CA2.8 Comprobouse o correcto funcionamento do servidor.

4.3.e) Contidos

Contidos
Sistemas de nomes planos e xerárquicos.
Resolutores de nomes. Proceso de resolución dun nome de dominio.
Servidores raíz e dominios de primeiro nivel e sucesivos.
Zonas primarias e secundarias. Transferencias de zona.
Tipos de rexistros.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Instalación e configuración de servizos de transferencia de ficheiros	22

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Instala servizos de transferencia de ficheiros, describe as súas características e as súas aplicacións, e verifica o funcionamento en diversos modos de acceso, con base nunhas especificacións establecidas.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Estableceuse a utilidade e modo de operación do servizo de transferencia de ficheiros.
CA3.2 Instalouse un servizo de transferencia de ficheiros en sistemas operativos libres e propietarios.
CA3.3 Creáronse usuarios e grupos para acceso remoto ao servidor.
CA3.4 Configurouse o acceso anónimo.
CA3.5 Establecéronse límites nos modos de acceso.
CA3.6 Comprobouse o acceso ao servidor en modo activo e en modo pasivo.
CA3.7 Realizáronse probas con clientes en liña de comandos e en modo gráfico.

4.4.e) Contidos

Contidos
Usuarios e grupos. Acceso anónimo.
Permisos. Cotas. Límite de largo de banda.
Conexión de datos e conexión de control.
Comandos de control, autenticación, xestión e transferencia de ficheiros.
Transferencia en modo texto e binario.
Modo activo e modo pasivo.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Instalación e configuración de servidores web	38

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Xestiona servidores web, e configura o servizo de acordo coas necesidades de uso.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbense os fundamentos e os protocolos en que se basea o funcionamento dun servidor web.
CA5.2 Instalouse un servidor web en sistemas operativos libres e propietarios.
CA5.3 Creáronse sitios virtuais.
CA5.4 Verificáronse as posibilidades existentes para discriminar o sitio de destino do tráfico entrante ao servidor.
CA5.5 Configurouse a seguridade do servidor.
CA5.6 Comprobouse o acceso de usuarios ao servidor.
CA5.7 Diferenciouse e probouse a execución de código no servidor e no cliente.
CA5.8 Instaláronse módulos sobre o servidor.
CA5.9 Establecéronse mecanismos para asegurar as comunicacións entre cliente e servidor.

4.5.e) Contidos

Contidos
Servidores virtuais. Nome de encabezamento de host. Identificación dun servidor virtual.
Acceso anónimo e autenticado. Métodos de autenticación.
Execución de código. Scripts de servidor e de cliente.
Establecemento de conexións seguras.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Instalación e configuración de servizos de correo electrónico	18

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Xestiona servidores de correo electrónico, e configura o servizo de acordo cos requisitos de uso.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbense os protocolos que interveñen no envío e na recollida do correo electrónico.
CA4.2 Instalouse un servidor de correo electrónico en sistemas operativos libres e propietarios.
CA4.3 Creáronse contas de usuario e verificouse o acceso a elas.
CA4.4 Definíronse alias para as contas de correo.
CA4.5 Aplicáronse métodos para impedir usos indebidos do servidor de correo electrónico.
CA4.6 Instaláronse servizos para permitir a recollida remota do correo existente nas caixas de correo de usuario.
CA4.7 Usáronse clientes de correo electrónico para enviar e recibir correo.

4.6.e) Contidos

Contidos
Axentes e protocolos de transferencias de mensaxes.
Contas de correo, alias e caixas de correo de usuario.
Reenvío de correo e correo non desexado.
Protocolos e servizos de descarga de correo.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Despregamento de redes sen fíos	16

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Desprega redes sen fíos seguras seguindo os procedementos técnicos especificados.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Instalouse un punto de acceso sen fíos dentro dunha rede local.
CA7.2 Recoñecéronse os protocolos, os xeitos de funcionamento e os principais parámetros de configuración do punto de acceso.
CA7.3 Seleccioneuse a configuración máis idónea sobre diversos escenarios de proba.
CA7.4 Estableceuse un mecanismo axeitado de seguridade para as comunicacións sen fíos.
CA7.5 Usáronse diversos tipos de dispositivos e adaptadores sen fíos para comprobar a cobertura.
CA7.6 Instalouse un encamiñador sen fíos con conexión á rede pública e servizos sen fíos de rede local.
CA7.7 Configurouse e probouse o encamiñador desde os computadores da rede local.

4.7.e) Contidos

Contidos
Puntos de acceso.
Encamiñadores sen fíos.
Estándares de conexión e velocidades soportadas.
Identificadores de servizo.
Seguridade en redes sen fíos.
Conexións punto a punto e en infraestrutura.
Enderezos MAC e filtraxe do tráfico.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Interconexión de redes	22

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA8 - Interconecta redes, e comproba e asegura o tráfico transmitido.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA8.1 Estableceuse un mecanismo que permita reenviar tráfico de rede entre dúas ou máis interfaces dun mesmo sistema.
CA8.2 Implantouse e verificouse unha política de seguridade referente ao tráfico que reenvía o sistema.
CA8.3 Comprobouse o acceso a unha rede determinada desde os sistemas conectados a outra rede distinta.
CA8.4 Implantouse e verificouse a configuración para acceder desde unha rede pública a un servizo localizado nunha máquina dunha rede privada local.
CA8.5 Instalouse e configurouse o hardware dun sistema con acceso a unha rede privada local e a unha rede pública.
CA8.6 Instalouse unha aplicación que actúe de pasarela entre a rede privada local e a rede pública.
CA8.7 Recoñecéronse e diferenciáronse as principais características e posibilidades da aplicación seleccionadas.
CA8.8 Configúranse os sistemas da rede privada local para acceder á rede pública a través da pasarela.
CA8.9 Establecéronse os procedementos de control de acceso para asegurar o tráfico do transmitido a través da pasarela.
CA8.10 Puxéronse en práctica mecanismos para acelerar as comunicacións entre a rede privada local e a pública.
CA8.11 Identifícanse os escenarios de aplicación deste tipo de mecanismos.

4.8.e) Contidos

Contidos
Pasarelas a nivel de aplicación. Almacenaxe en memoria caché.
Encamiñamento de tráfico entre interfaces de rede.
Devasas (firewalls). Filtraxe do tráfico entre redes.
Reenvío de portos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXISIBLES

UD 1: Instalación e configuración de servizos de configuración dinámica de sistemas

CA 1.1. Recoñeceuse o funcionamento dos mecanismos automatizados de configuración dos parámetros de rede e identificáronse as vantaxes que proporcionan.

CA 1.3. Instalouse un servizo de configuración dinámica dos parámetros de rede.

CA 1.4. Preparouse o servizo para lles asignar a configuración básica aos sistemas dunha rede local.

CA 1.7. Verificar a correcta asignación dos parámetros

UD 2: Instalación e configuración de servizos de resolución de nomes

CA 2.4. Instalouse un servizo xerárquico de resolución de nomes en sistemas operativos libres e propietarios.

CA 2.6. Engadíronse rexistros de nomes correspondentes a unha zona nova, con opcións relativas a servidores de correo e alias.

CA 2.8. Comprobase o correcto funcionamento do servidor.

UD 3: Instalación e configuración de servizos de transferencia de ficheiros

CA 3.2. Instalouse un servizo de transferencia de ficheiros en sistemas operativos libres e propietarios.

CA 3.3. Créanse usuarios e grupos para acceso remoto ao servidor.

CA 3.4. Configurouse o acceso anónimo.

CA 3.7. Realizáronse probas con clientes en liña de comandos e en modo gráfico.

UD 4: Instalación e configuración de servizos de correo electrónico

CA 4.1. Descríbense os protocolos que interveñen no envío e na recollida do correo electrónico.

CA 4.2. Instalouse un servidor de correo electrónico en sistemas operativos libres e propietarios.

CA 4.3. Créanse contas de usuario e verificouse o acceso a elas.

CA 4.7. Usáronse clientes de correo electrónico para enviar e recibir correo.

UD 5: Instalación e configuración de servidores web

CA 5.1. Descríbense os fundamentos e os protocolos en que se basea o funcionamento dun servidor web.

CA 5.2. Instalouse un servidor web en sistemas operativos libres e propietarios.

CA 5.3. Créanse sitios virtuais.

CA 5.4. Verificáronse as posibilidades existentes para discriminar o sitio de destino do tráfico entrante ao servidor.

UD 6: Instalación e configuración de servizos de acceso remoto e administración remota

CA 6.2. Instalouse un servizo de acceso remoto tanto en liña de comandos como en modo gráfico.

CA 6.3. Comprobase o funcionamento de ambos métodos.

UD 7: Despregamento de redes sen fíos

CA 7.1. Instalouse un punto de acceso sen fíos dentro dunha rede local.

CA 7.4. Estableceuse un mecanismo axeitado de seguridade para as comunicacións sen fíos.

CA 7.6. Instalouse un encamiñador sen fíos con conexión á rede pública e servizos sen fíos de rede local.

CA 7.7. Configurouse e probouse o encamiñador desde os computadores da rede local.

UD 8: Interconexión de redes

CA 8.1. Estableceuse un mecanismo que permita reenviar tráfico de rede entre dúas ou máis interfaces dun mesmo sistema.

CA 8.2. Implantouse e verificouse unha política de seguridade referente ao tráfico que reenvía o sistema.

CA 8.4. Implantouse e verificouse a configuración para acceder desde unha rede pública a un servizo localizado nunha máquina dunha rede privada local.

CA 8.6. Instalouse unha aplicación que actúe de pasarela entre a rede privada local e a rede pública.

CA 8.8. Configuráronse os sistemas da rede privada local para acceder á rede pública a través da pasarela.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación ten un carácter continuo. Por este motivo será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para o módulo profesional. O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua no módulo fixada pola lexislación será o 10% de faltas non xustificadas e un 20% das faltas xustificadas, respecto da súa duración total do módulo.

A continuación detállanse os instrumentos, procedementos e criterios de cualificación para alumnos con avaliación continua e non continua.

Avaliación Continua

Para poder superar o módulo o alumno deberá demostrar o coñecemento do 100% dos contidos identificados como mínimos. Para demostrar ese coñecemento o alumno tamén deberá realizar unha serie de probas e/ou exames nas que se avaliarán grupos de unidades de traballo.

En cada avaliación realizaranse unha ou varias actividades e probas parciais que permitirán ao alumno ir superando grupos de unidades de traballo.

A probas ou exames puntuaranse de 0 a 10 puntos, e para superalas o alumno deberá ter superados o 100% de contidos marcados como mínimos en tal unidade de traballo.

So se calculará a media se todas as probas do trimestre son superadas. No caso de non superar algunha das probas ou exames nunha avaliación, a nota desa avaliación será unicamente a puntuación da proba ou exame máis baixa.

A nota final do módulo será a nota media dos trimestres, para facer a media e preciso que se supere os mínimos en cada unha das probas do curso. Se o alumno non acada o 100% dos mínimos nalgún trimestre, a nota final do módulo será a nota inferior acadada nos trimestres.

Avaliación non continua

Os alumnos que teñan perda do dereito a avaliación continua deberán presentarse a proba final do módulo no mes de xuño. Esta proba final constará dunha proba teórico-práctica sobre os contidos establecidos no curriculum do módulo.

Para superar esta proba será preciso alcanzar o 100% dos contidos mínimos

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao final do módulo, realizarase un proba de recuperación global. Nesta proba, ao alumnado que non perdeu o dereito a avaliación continua, amosaráse un exame no que deberá responder e superar as preguntas daqueles contidos mínimos que non tiña superado con anterioridade.

Para superar esta proba será preciso que o alumno supere o 100% dos contidos marcados como mínimos de cada tema.^o

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que teñan perda do dereito a avaliación continua poderán presentarse na proba final do módulo, o alumno elixirá se facela en marzo ou xuño. Esta proba final constará dunha proba teórico-práctica sobre os contidos establecidos no curriculum do módulo.

Para superar esta proba será preciso alcanzar o 100% dos contidos mínimos

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

Durante o desenvolvemento do curso, e mediante o documento de seguimento e planificación das clases ou desde o aplicativo de programación da xunta, poderase determinar se a asignación horaria de cada unidade é a idónea.

O ritmo de traballo virá determinado pola asimilación dos conceptos por parte do alumnado.

AVALIACIÓN DO DOCENTE

Mediante a enquisa de avaliación docente, obteranse resultados a valorar ó remate das avaliacións.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial farase a través dun cuestionario xenérico e/ou a observación directa do docente en todos os aspectos que abarque o curriculum do ciclo.

O departamento de Orientación detectará, identificará e valorará as necesidades educativas especiais, e deseñará e coordinará os plans de apoio para atender á diversidade do alumnado

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Como medidas de atención á diversidade adoptaranse as seguintes:

- Fomento do traballo práctico en grupos de traballo heterexéneos
- Creación dun ambiente de traballo que favoreza a autonomía e o traballo en grupo. Se este clima prodúcese, o profesor dispón de mais tempo para identificar os alumnos que necesitan axuda e proporcionar a axuda mais conveniente en cada caso
- Agrupamentos flexibles e ritmos distintos
- Identificación dos contidos básicos e imprescindibles para seguir progresando nos contidos complementarios.
- Metodoloxías diversas nas formas de enfocar as exposicións e as actividades
- Actividades diferenciadas e adaptadas ás motivacións e necesidades dos alumnos
- Actividades de reforzo en grupos pequenos
- Traballo práctico realizado integramente na aula, para non desfavorecer ós alumnos que non teñen ordenador na casa
- Explicacións individuais aos alumnos que amosan dificultades de comprensión
- Proposta de actividades complementarias para os alumnos que adquiren máis rapidamente os contidos
- Adaptación do material didáctico a persoas con deficiencia visual e auditiva para que se integren perfectamente na aula
- Proposta de actividades complementarias con persoas con deficiencia visual.

Se o profesor detecta durante o desenvolvemento das actividades de ensinanza/aprendizaxe que o alumno non acada os mínimos esixibles, proporalle a realización de boletíns de cuestións e actividades prácticas de reforzo adaptados a mínimos. O profesor prestará especial atención a este tipo de alumnado durante todo o proceso de ensinanza/aprendizaxe.

Si se detecta algún alumno con sobredotación, que é capaz de adquirir os conceptos con máis facilidade que os seus compañeiros proporánselle a realización de actividades complementarias, de maior nivel de dificultade, para cada unidade de traballo

Como medidas individuais, para os alumnos estranxeiros que descoñezan a lingua e cultura españolas, ou que presenten graves carencias en coñecementos básicos, fomentárase a lectura de libros e catálogos de carácter técnico.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Educación para a democracia, o diálogo e a convivencia pacífica. ¿ Concibir a educación como un proceso de comunicación que debe promover un pensamento creativo e innovador. ¿ Educación é un proceso de formación da persoa como un todo. O centro é unha institución que axuda ao desenvolvemento persoal, desenvolvemento de competencias, habilidades e coñecementos.

Promover o respecto por si mesmo e da diversidade social, cultural e natural dentro dunha concepción democrática.

Aprender a vivir xuntos, aprender a vivir, ademais de ser un obxectivo esencial da educación é un dos grandes retos para os sistemas de ensino actual. Hai moitas razóns que fan que ese aprendizaxe sexa visto non só como un valor en si, senón tamén esencial para construír unha sociedade máis democrática, máis unida, máis cohesiva e pacífica.

A Lei Orgánica 2 / 2006 de 3 de maio, de Educación, apuntou como un dos obxectivos do sistema de ensino a educación no respecto dos dereitos humanos e liberdades fundamentais, dereitos e oportunidades iguais entre homes e mulleres en igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade no exercicio de tolerancia e liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como pre-venção de conflitos e resolución pacífica dos mesmos.

Os obxectivos directamente relacionados coa educación de valores son: * Considerar as tarefas de forma responsable * Comprender e exercer os seus dereitos en relación aos outros

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visitas a empresas ou institucións do sector.

Asistencia a eventos, congresos, conferencias, feiras, exposicións ou xornadas relacionadas co sector.

Participación en proxectos ou calquera actividade relacionadas co sector da informática.

Participación en actividades, concursos, eventos deportivos, culturais ou de ocio que fomenten as interrelacións da comunidade educativa.

10.Outros apartados

10.1) Constancia de información ao alumnado

A presentación do módulo coa información relativa á programación didáctica (obxectivos, contidos, criterios de avaliación, cualificacións, procedementos e mínimos esixibles) esta colgada na páxina Web do centro, sendo accesible a toda a comunidade educativa. Deste feito son informados os alumnos e pais nas respectivas guías e/ou poderán ser publicadas na Aula Virtual do módulo.